

REGISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 01/10/2020 12:32:58

SAIDA


11209/20




Reclamante: 
Expediente. Nº **RSCTG 75/2020**

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por  mediante escrito do 23 de xullo de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de setembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 23 de xullo de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante a Universidade da Coruña, sobre diversos aspectos da execución do contrato de impresión e personalización de Títulos universitarios oficiais, Suplementos Europeos ao Título (SET) conforme ao Real Decreto 1004/2003, Suplementos Europeos ao Título (SET) conforme ao Real Decreto 22/2015.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa petición.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 24 de xullo de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Universidade da Coruña para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 10 de agosto de 2020 A Universidade da Coruña contesta a petición remitindo a seguinte documentación:

- Solicitud de información pública presentada por [REDACTED]
- Nota interior do Xefe do Servizo de Organización Académica solicitando información ao Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Xestión Económica.
- Nota interior do Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Xestión Económica contestando a solicitude de información do Xefe do Servizo de Organización Académica.
- Documentación correspondente á información solicitada por [REDACTED]

Cuarto. Con data do 17 de agosto de 2020, o interesado remite escrito no que comunica que con data do 11 de agosto recibiu resposta da Universidade da Coruña e que a información subministrada pola universidade non se corresponde coa súa solicitude nos seguintes puntos:

- Respecto do número de unidades (títulos universitarios oficiais), subministradas á UDC pola empresa adxudicataria do servizo e importe facturado polo devandito concepto, non se lle informa do número de unidades (títulos) nin do importe facturado pola adxudicataria por ese servizo, senón que se lle remite unha listaxe non solicitada coas facturas pagas pola UDC á empresa adxudicataria por diferentes conceptos ("incorporación", "Pedido", "Impresión e personalización", "Rexeitada", etc) desde o 27/07/2013 ao 28/01/2020:.
- Respecto do número de unidades de suplementos Europeos ao Título (SET) conforme RD 1004/2003 e importe facturado pola adxudicataria do servizo, a Universidade remite unha listaxe coas facturas pagadas desde o 27/07/2013 ao 28/01/2020. Do mesmo xeito que cos títulos universitarios oficiais, non figura na listaxe o total co "importe facturado" polos suplementos europeos ao título. Tampouco figura o "número de unidades subministradas".
- Respecto do número de unidades subministradas e importe facturado dos Suplementos Europeos ao Título (SET) conforme RD 22/2015 a Universidade remite á mesma listaxe, neste caso indicando que o importe facturado correspóndese coas facturas n.º 192274, 193394 e 200175, polo que se pode obter o importe facturado sumando os seus importes, pero non informan do número de unidades de SET subministradas.
- No referente ao nome da empresa adxudicataria do servizo de impresión, e data da/ s prórroga/s a Universidade informa que o contrato se formalizou o 26 de xullo de 2013 e que se prorrogou o 27 de xullo de 2015 pero non informa a quen se lle adxudicou o servizo. É verdade que na listaxe de facturas aparece un provedor SIGNE, S.A. pero a Universidade non contesta de forma clara á pregunta realizada.
- No referente ao prazo de entrega ofertado pola adxudicataria do servizo para os títulos universitarios oficiais e suplementos europeos, a Universidade si contesta.
- Respecto do listaxe dos pedidos realizados á empresa no que se detalle o tipo, data de envío, data de recepción e N.º de unidades, a Universidade obvia esta pregunta e non subministra información algunha
- Respecto dos certificados laboratorios a Universidade non subministra dita información escudándose en que "non se requiría a presentación dos citados informes", pero o reclamante afirma que lle consta que dende a Universidade solicitou á adxudicataria do servizo de impresión e personalización de títulos oficiais e SET que certificase e xustificase que os títulos

e SET axustábanse á normativa vixente e que a adxudicataria achegou unha serie de informes como proba do cumprimento dos requisitos técnicos establecidos na normativa de aplicación.

O interesado fai constar que a Universidade non invocou na súa resposta ningún dos límites establecidos no artigo 14 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, tan só limitouse a non subministrar a información, polo que solicita que se requira á Universidade da Coruña para que lle remita a información solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no

ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e

reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Universidade da Coruña non resolveu a solicitude de acceso á información ata o 11 de agosto de 2020, tendo o interesado presentada con anterioridade a súa reclamación contra a desestimación por silencio administrativo, polo que procede admitir a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O acceso á información pública está configurado na Lei como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública. O posible obxecto dunha solicitude de información que a Lei consagra é todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións. O feito de que poida ser obxecto dunha solicitude de acceso á información calquera información que posúa o organismo ou entidade ao que se dirixa a mesma, así como que non sexa necesario motivar a solicitude, xa que non está vinculada á titularidade dun interese por parte do solicitante, fai difícil cando non imposible, subtraer do marco da normativa de transparencia unha solicitude de información que cumpra estas condicións.

A información que se proporciona ao solicitante, ha de ser unha información clara, e ten que corresponderse exactamente co que se solicita en cumprimento dos principios de transparencia, accesibilidade, fiabilidade e integridade que deben presidir as actuacións dos suxeitos obrigados a proporcionar información de acordo coa Lei 1/2016, como é neste caso a Universidade da Coruña, e sen que sexa admisible que ante a solicitude dun dato como pode ser a do número de unidades de títulos subministradas por unha empresa adxudataria ou o importe facturado, se lle remitan copias de facturas por distintos conceptos, en vez de remitir, de forma clara, o número de unidades e o importe facturado.

Respecto dos certificados de laboratorios, a Universidade non subministra dita información en base a que na contratación, non se requiría a presentación dos citados informes. Débese recordar neste punto, que información pública e calquera contido ou documento que obre en poder dun suxeito obrigado, elaborado ou adquirido no exercicio das dúas funcións. Por tanto, se a Universidade está en posesión deses certificados, aínda que a obriga de remitilos non forme parte do obxecto do contrato, debe proporcionarllos ao interesado, por ser información pública, e no caso de que non estea en posesión dos mesmos, debe comunicar, de forma clara ao solicitante, que non posúe os ditos certificados

De acordo co anterior, procede a estimación da reclamación presentada por ser o obxecto da mesma unha solicitude de acceso á información pública que a Universidade resolveu de forma incompleta, debendo proporcionar ao interesado o número de unidades de títulos

universitarios oficiais, e suplementos europeos ao título (SET) conforme ao Real Decreto 1004/2003 e Real Decreto 22/2015 subministradas á Universidade pola empresa adxudicataria e o importe facturado no período solicitado, o nome da empresa adxudicataria do servizo de impresión, a listaxe dos pedidos realizados á empresa no que se detalle o tipo, data de envío, data de recepción e número de unidades.

Respecto dos certificados de laboratorios, debe proporcionarllos ao interesado en caso de que este e posesión dos mesmos, e en caso contrario debe comunicar de forma clara ao solicitante, que non posúe ditos certificados.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 23 de xullo de 2020, contra a desestimación, inicialmente por silencio administrativo e posteriormente contra a resolución expresa, da súa solicitude de acceso á información ante á Universidade da Coruña, sobre diversos aspectos da execución do contrato de impresión e personalización de Títulos universitarios oficiais, Suplementos Europeos ao Título (SET) e Suplementos Europeos ao Título (SET).

Segundo: Instar a Universidade da Coruña, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada de acordo co disposto no fundamento quinto desta resolución, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Universidade da Coruña, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2020.10.01 09:25:48 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.